



## ACTA N° 7/2007 - COMISIÓN TERRITORIAL DO PATRIMONIO HISTÓRICO (LUGO)

### ASISTENTES:

#### PRESIDENTE:

D. Felipe Arias Vilas, Director Xeral de Patrimonio Cultural.

#### VICEPRESIDENTE:

D. Xoán Xosé Molina Vázquez, Delegado Provincial da Consellaría de Cultura e Deporte en Lugo.

#### VOGAIS:

D. José Pastor Ferreiros Carreira, Arquitecto da Delegación Provincial de Lugo da Consellaría de Cultura e Deporte.

D. Gonzalo Meijide Cameselle, Arqueólogo da Delegación Provincial de Lugo da Consellaría de Cultura e Deporte.

D. José Luis Losada López, representante da Consellaría de Política Territorial, OO.PP e Transporte.

D. Francisco Javier Coello Armenta, representante da Consellaría de Vivenda e Solo.

D. Fernando Arribas Arias, representante do Consello da Cultura Galega.

D. Antonio Rodríguez Colmenero, representante da Real Academia Galega de Belas Artes de Nosa Señora do Rosario.

D. Carlos Baliñas Pérez, representante da Universidade de Santiago de Compostela.

D. José María Alonso Montero e D. Xosé Anxo Carreira Montes, como persoas de recoñecido prestixio e coñecemento en materia de patrimonio cultural.

#### REPRESENTANTES DOS CONCELLOS:

Concello de Abadín: don José María López Rancanño.

Concello de Lugo: don José Fernando Piñeiro Díaz.

Concello de Guitiriz: dona Regina Polín Rodríguez.

Concello de Láncara: don Darío Piñeiro López.

Concello de Vilalba: don Gerardo Criado.

Concello de Xove: don Demetrio Salgueiro Rapa.

SECRETARIO: D. Xosé Anxo Madarro Río, secretario da delegación provincial da Consellaría de Cultura e Deporte en Lugo, en ausencia do Xefe do Servizo de Patrimonio Cultural.

En Lugo, sendo as 17 horas do día 26 de xullo do ano 2007, reúnense, en segunda convocatoria, na Sala de Xuntas do Edificio Administrativo da Xunta de Galicia nesta cidade, os membros que componen a Comisión Territorial do Patrimonio Histórico de Lugo anteriormente citados, coa finalidade de proceder ó estudio dos seguintes asuntos que figuran na orde do día:

- 1º.- Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior.
- 2º.- Estudio de expedientes para a emisión de informes.
- 3º.- Comunicados, rogos e preguntas.

- Punto primeiro: apróbase por unanimidade a acta da sesión anterior, que xa obra en poder dos membros da comisión, sen que se formule reparo algúns á mesma.

- Punto segundo: procédese a continuación ó estudio e posterior remisión da informe dos expedientes que componen a orde do día, acordándose por unanimidade que se comseen os relativos ós concellos de Abadín, Guitiriz, Láncara, Lugo, Vilalba e Xove, adoptándose os acordos que seguidamente se expresan:

29 AGO. 2007

Delegación Provincial de Lugo  
Manuel Guillén Rodríguez





o PERI Centro-Sur 5 - "Costas do Parque" e proxecto de urbanización

Concello: Lugo

Promotor/a: DIRECCIÓN XERAL DO PATRIMONIO CULTURAL

Examinado este expediente pola comisión, procédese a escutar o informe dos servizos técnicos da Delegación, que é do tenor literal seguinte:

O servicio de arquitectura informa o seguinte:

**"INFORME SOBRE PERI CENTRO SUR 5; OBRAS NAS COSTAS DO PARQUE ROSALIA DE CASTRO. LUGO.**

A petición do Ilmo. Sr. Director Xeral de Patrimonio Cultural efectúo informe sobre impacto do PERI Centro Sur-5 "Costas do Parque" sobre o patrimonio cultural, en particular Termas e Sanatorio Portela.

1.- A proposta recollida no PERI centro Sur 5 supón unha alteración das condicións esenciais do Parque Rosalía de Castro, afectando as visuais cara e dende o propio parque.

2.- O parque de Rosalía de Castro, é un elemento salientable do patrimonio cultural galego e merecente de protección.

3.- Na actualidade figura no catalogo do Pxom de Lugo aprobado inicialmente.

4.- No entorno inmediato autorizouse polo concello de Lugo PERI Centro Sur 5, recollido posteriormente no Pxom aprobado inicialmente, sen informe desta Consellería e que supón un impacto sobre o sinalado Parque de Rosalía de Castro.

5.- Así mesmo dito PERI atopase no ámbito de influencia (menos de 100 mts) do elemento inventariado "Sanatorio Portela", incluído no Pxom en vigor en Lugo; pero sen sufrir dito elemento inventariado máis degradación da xa existente.

6.- No referido as Termas Romanas BIC por decreto do 3 de Xuño de 1931, dende o punto de vista arquitectónico non se pode considerar que supoñan menoscabo das súas condicións esenciais.

Polo antedito considerase que dito PERI Centro Sur causa un impacto negativo sobre o patrimonio cultural galego, fundamentalmente o Parque de Rosalía de Castro".

Así mesmo, o servicio de arqueoloxía informa o seguinte:

"Informe para a Comisión do Patrimonio Histórico de Lugo sobre impacto do PERI Centro-Sur "Costas do Parque" e proxecto de urbanización, Lugo.

Da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural solicítase informe avaliativo do impacto sobre o patrimonio cultural e en concreto sobre As Termas Romanas e o Sanatorio Portela. Neste último caso é obvio que non hai afeccións arqueolóxicas.

A zona obxecto do proxecto non goza de ningún tipo de protección arqueolóxica específica fóra das do PXOM de Lugo. Nela o Servizo Municipal de Arqueoloxía pode supervisar as remociones de terras se considera que existe algúm risco arqueolóxico.

SUSCRIPCION PARA FACIL CONSTATAR QUE  
impulsada a presente copia, con-  
corda co seu orixinal.

29 AGO. 2007





A ausencia ata hoxe de noticias de achados arqueolóxicos e a propia orografía do terreo, con forte pendente, non converten o lugar en zona propicia para a existencia de xacementos arqueolóxicos. Non se pode considerar que se produza algúm impacto no conxunto das termas romanas, xa que hai unha distancia duns 200 metros e unha considerable diferenza de cota, xunto co feito de que o espazo entre ambos ámbitos está moi transformado, con fortes desmontes producidos pola construcción da Avda. República Arxentina e pola N-VI, e polas edificacións do inicio de Acea de Olga."

Logo de expostos os informes técnicos prodúcense varias intervencións dos asistentes á reunión e que en síntese consistiron en:

Comeza o Director Xeral de Patrimonio Cultural explicando que que se solicitou informe desta comisión, de acordo co previsto no artigo 2 do decreto que regula o seu funcionamento, xa que o servizo xurídico da consellería entende como dato a considerar o informe deste órgano asesor sobre a actuación prevista no PERI CS-5 e que debería ter sido remitido no seu día polo concello ó estar dentro dos 100 metros de protección do Sanatorio Portela. O representante do concello de Lugo manifesta que non existe a obriga de terse remitido o citado PERI para ser informado xa que entende que ó estar en solo urbano non lle son de aplicación os 100 metros; do anterior discrepa don Felipe Arias Vilas e sinala que se non hai contorno definido do elemento inventariado na figura de planeamento hai que aplicar o disposto nas Normas Complementarias e Subsidiarias de Planeamento, solución esta avalada por reiterada xurisprudencia.

A instancia de don José M. Alonso Montero, que se cuestiona que a modificación do solo que aquí se produce esté permitida pola lexislación na materia, don José Luis Losada López remítese ó artigo 104 da Lei 9/2002, de aplicación directa; sinalando que coa edificabilidade que ten esa parcela sempre se producirá un impacto e que incluso reducindo en dúas plantas a edificación influiría nas vistas.

O vogal don Carlos Baliñas Pérez basicamente sinala que estamos diante dunha cidade histórica e cunhas características dadas no aspecto cultural e paisaxístico e que esta actuación supón unha incidencia grave nesta paisaxe cultural e histórica -río Miño, As Termas e o Parque de Rosalia-, o que debería solventarse xa que do contrario suporía un atentado ó legado histórico da cidade con repercusións ás futuras xeneracións; de levarse adiante esta actuación a afectación sería irreversible e suporía unha muralla edificatoria, mostrando por último o seu total desacordo coa solución proposta para esta unidade de actuación. O vogal don Xosé Anxo Carreira mostra o seu completo acordo co exposto.

O representante do concello di que case todos os lucenses estarían de acordo coa anterior exposición, pero hai que aportar solucións.

O vogal don Antonio Rodríguez Colmenero sinala varias cuestións ó respecto: estamos diante de fortes intereses enfrentados, económicos e patrimoniais; esta cuestión entra dentro do tema de paisaxes e xardíns históricos; está pendente ademais dunha solución xurídica; o impacto ambiental e estético é claro pero por outra parte hai que estar ó que se pode facer, á solución posibilista, xa que estamos diante dun volume edificatorio tremendo e habería que ir á posibilidade de integración dese volume e a compatibilidade coa protección de elementos que merezan esa protección; apunta este intervente que debería irse a unha solución integral para todo o entorno do parque e nesa liña traballar conxuntamente o Concello de Lugo e a Dirección Xeral de Patrimonio Cultural.

O vogal don Xosé Anxo Carreira manifesta que a postura da comisión debería ser un desfavorable claro; ademais desde un punto de vista arquitectónico hai solucións adecuadas para esta parcela e para traballar co grado de desnivel esistente.

Don José Fernando Piñeiro Díaz, representante do concello de Lugo, manifesta que debe terse en conta a existencia dun PERI aprobado e uns actos previos sobre as actuacións previstas que como concello deben asumirse, e incluso hai unha resolución xudicial que sinala que o concello non pode parar esa obra; aclara, por último, que a día de hoxe só hai concedida licencia de urbanización e que o proxecto constructivo presentado teña defectos e o interesado debe achegar as modificacións requiridas para o outorgamento da correspondente licencia.

**DILIXENCIA para facer constar que**  
**esta copia é impulsada a presente copia, con-**  
**significando no seu original.**

29 AGO. 2007





Á vista do antedito polos servizos técnicos da Delegación e logo das intervencións producidas, a comisión adopta, por unanimidade, o seguinte acordo: Informar desfavorablemente a actuación proxectada, xa que esencialmente:

- na construcción proxectada non se respeta a topografía do terreo existente, conlevando a actuación prevista unha importante modificación do mesmo, debido basicamente ó gran recheo que é preciso realizar na parte alta da parcela.
- ó obxecto de evitar o gran impacto que se produce no entorno histórico, cultural e paisaxístico, debería desplazarse a edificabilidade á parte inferior da parcela.
- deberíase traballar na liña de procurar nunha solución integral para todo o conxunto da edificabilidade prevista para este entorno do Parque Rosalía.

Logo de tratar este expediente auséntase o representante do concello de Lugo, así como o vogal D. Antonio Rodríguez Colmenero.

#### CONCELLO DE VILALBA

14.- Expediente: 10251  
LMT.CT.RBT.  
Panceira - Sancobade  
Concello: Vilalba  
Promotor/a: DELEGACIÓN PROVINCIAL DE INNOVACIÓN E INDUSTRIA

Examinado este expediente pola comisión, procédese a escoitar o informe dos servizos técnicos da Delegación, que é do tenor literal seguinte:

Informe para a Comisión Territorial do Patrimonio Histórico de Lugo sobre o "Proxecto de Reelectrificación de Panceira (Sancobade)" (Vilalba) promovido pola empresa BEGASA (EXP. 009/2007 AT.).

A empresa BEGASA promove o "Proxecto de Reelectrificación de Panceira, Sancobade" (Vilalba). O proxecto pretende dar servizo de enerxía eléctrica a catro lugares da parroquia de Sancobade, concello de Vilalba, mediante a construcción de catro liñas de media tensión cos seus respectivos centros de transformación, e redes de distribución.

As instalacións previstas transcorren nas proximidade do xacemento arqueolóxico denominado "Mámoa de Panceira", e incluído no inventario de xacementos arqueolóxicos co código GA27065035. A traza prevista máis próxima sitúase a uns 50 m ó nordeste, ó outro lado da estrada, polo que non se produce impacto visual nin parece probable a afección de depósitos arqueolóxicos vinculados co túmulo.

Por todo o anterior, proponse informe favorable.

Á vista do antedito polos servizos técnicos da Delegación, a comisión adopta, por unanimidade, o seguinte acordo: Informar favorablemente este expediente.

A petición do representante do concello de Vilalba este expediente foi tratado pola comisión logo do estudio do expediente número 10591 do concello de Lugo.

O representante do concello de Vilalba ausentouse da reunión ás 18.45 horas.

#### CONCELLO DE XOVE

15.- Expediente: 10392  
Construcción de vivenda unifamiliar (Polígono 069 – Parcela 158).  
Áspera - Lago

DILIXENCIA para facer constar que  
compulsada a presente copia, con-  
corda fielmente co seu orixinal.

29 AGO. 2007

12

*[Handwritten signature]*

